



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de agosto de 2020 (857/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día dez de agosto do ano dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(635).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(636).- RECOÑECER O ABONO A CONTA DA INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DE EXECUCIÓN DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE MESTRES GOLDAR, NAVIA, SANTA CRISTINA, COSTEIRA-SAIÁNS E SANTA MARTA COMO CONSECUCENCIA DO COVID-19. EXPTE. 6456/241.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.



Concello de Vigo

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou:

“1º.- Acumular as solicitudes de declaración de imposibilidade de execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito de data 25 de marzo de 2020 relativas aos seguintes procedementos:

- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- *Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- *Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

2º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

3º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- En data 21 de maio de 2020, a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e prexuízos consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión

das Escolas infantís municipais de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello (expedientes 16774-332, 17043-332, 17066-332 e 17.500-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 16 ó 31 de marzo e o mes de abril respectivamente. Complementan esta solicitude coa presentación de nova documentación en datas 16 e 19 de xuño de 2020 (documentos 200106993 e 200109626).

Terceiro.- En data 8 de xuño de 2020, a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documentos nº 200102258, 20012259, 20012261, 20012262 e 20012264) escritos de solicitude de abonos a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión das Escolas infantís municipais de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello (expedientes 16774-332, 17043-332, 17066-332 e 17.500-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 1 ao 31 de maio.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión 26 de xuño de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Acumular as solicitudes de abono a conta da indemnización de danos e prexuízos pola suspensión da execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escritos de data 21 de maio de 2020 (documentos 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) relativas aos seguintes procedementos:

- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

2º.-Autorizar os abonos a conta da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión da execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:



Concello de Vigo

1.- Exepediente 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

- Gastos salariais: 20.307,08€
- Mantemento Garantía: 35,33€
- Pólizas de seguros: 194,35€

Total: 20.536,76€

2.- Exepediente 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

- Gastos salariais: 15.067,88 €
- Mantemento Garantía: 152,84 €
- Pólizas de seguros: 195,16 €

Total: 15.415,88€

3.- Exepediente 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

- Gastos salariais: 17.554,25 €
- Mantemento Garantía: 152,84 €
- Pólizas de seguros: 195,13 €

Total: 17.902,22€

4.- Exepediente 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

- Gastos salariais: 15.578,79 €
- Mantemento Garantía: 63,98 €
- Pólizas de seguros: 181,12 €

Total: 15.823,89€

5.- Expediente 17.043/332 (EIM NAVIA)

- Gastos salariais: 14.295,29 €
- Mantemento Garantía: 63,98 €
- Pólizas de seguros: 188,14 €

Total: 14.547,41€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	20.536,76	20200003283

EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	15.415,88	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	17.902,22	202000003275
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	15.823,89	202000003270 (ADC 28584)
EIM Navia	17043-332	14.547,41	202000003272 (ADC 39211)

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión 17 de xullo de 2020, acordou o seguinte:

"Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS (EXPEDIENTE 17.066/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".

Quinto.- O 19 de xullo de 2020, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. presenta no Rexistro do Concello de Vigo escritos de solicitude de abonos a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión dos contratos administrativos relacionados no antecedente anterior, polo período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2020 (documentos nº 200130242, 200130243, 200130244, 200130245 e 200130246).

Sexto.- En data 21 de xullo de 2020, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

"Con data 8 de xuño de 2020, Colegio Los Milagros SL (empresa adjudicataria dos contratos vixentes para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Navia e Mestres Goldar-Castrelos) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización polos períodos comprendidos entre o 01/05/2020 e o 31/05/2020 (docs 200102258, 200102259, 200102261, 200102262 e 200102264, respectivamente) con motivo da suspensión dos contratos de xestións destas escolas, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo.

Na tramitación do expediente de indemnización (6456-241), en relación ao período de tempo comprendido entre o 16/03/20 e o 31/04/20, Colegio Los Milagros SL presentou, con data 16 e 19 de xuño de 2020, no Rexistro Xeral (docs 200106993 e 200109626) documentación aclaratoria (Declaración xurada) pendente.

En relación ao solicitado:

1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:

- i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia (expedientes 17500-332, 17066-332, 16774-332 e 17043-332) formalizados con Colegio Los Milagros SL como



Concello de Vigo

consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6456-241).

- ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:
- "Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:
- 1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.
 - 2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.
 - 3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.
 - 4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.
- 3º) Nas solicitudes de indemnización, Colegio Los Milagros SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 25/03/2020), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao periodo comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2020.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade, procede unha **indemnización a Colegio Los Milagros SL**, pola suspensión dos contratos para a xestión das **Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia** durante o periodo comprendido entre o **1/05 e o 31/05/2020**, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 13.217,69€
Mantemento Garantía: 23,04€
Pólizas de seguros: 126,75€
Total: 13.367,48€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 9.771,74€

Mantemento Garantía: 99,68€
Pólizas de seguros: 127,28€
Total: 9.998,70€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 11.380,98€
Mantemento Garantía: 99,68€
Pólizas de seguros: 127,26€
Total: 11.607,92€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 9.260,36€
Mantemento Garantía: 20,87€
Pólizas de seguros: 122,70€
Total: 9.403,93€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 10.081,56€
Mantemento Garantía: 20,87€
Pólizas de seguros: 118,12€
Total: 10.220,55€

4º) Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	13.367,49	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	9.998,70	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	11.607,92	202000003275
EIM Navia	17043-332	9.403,93	202000003272 (ADC 39211)
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	10.220,55	202000003270 (ADC 28584)

Sétimo.- En data 24 de xullo de 2020, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

Con data 19 de xuño de 2020, Colegio Los Milagros SL (empresa adxudicataria dos contratos vixentes para a xestión das Escolas infantís municipais Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Costeira-Saiáns, Santa Cristina-Lavadores e Santa Marta-Casco Vello) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización polos periodos comprendidos entre o 01/06/2020 e o 30/06/2020 (docs 200130242, 200130243, 200130244, 200130245 e 200130246, respectivamente) con motivo da suspensión dos contratos de xestións destas escolas, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo.



Concello de Vigo

En relación ao solicitado:

- 1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:
- i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia (expedientes 17500-332, 17066-332, 16774-332 e 17043-332) formalizados con Colegio Los Milagros SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6456-241).
 - ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:
- "Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:
- 1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.
 - 2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.
 - 3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.
 - 4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.
- 3º) Nas solicitudes de indemnización, Colegio Los Milagros SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 25/03/2020), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao periodo comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2020.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade, procede unha **indemnización a Colegio Los Milagros SL**, pola suspensión dos contratos para a xestión das **Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia** durante o periodo comprendido entre o **1/06 e o 30/06/2020**, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)*Gastos salariais: 13.217,69€**Mantemento Garantía: 23,04€**Pólizas de seguros: 126,75€***Total: 13.367,48€****Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)***Gastos salariais: 9.771,74€**Mantemento Garantía: 99,68€**Pólizas de seguros: 127,28€***Total: 9.998,70€****Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)***Gastos salariais: 11.380,98€**Mantemento Garantía: 99,68€**Pólizas de seguros: 127,26€***Total: 11.607,92€****Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)***Gastos salariais: 9.260,36€**Mantemento Garantía: 20,87€**Pólizas de seguros: 122,70€***Total: 9.403,93€****Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)***Gastos salariais: 10.081,56€**Mantemento Garantía: 20,87€**Pólizas de seguros: 118,12€***Total: 10.220,55€**

4º) Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
<i>EIM Santa Marta-Casco Vello</i>	<i>17500-332</i>	<i>13.367,49</i>	<i>202000003283</i>
<i>EIM Santa Cristina-Lavadores</i>	<i>17066-332 (Lote 1)</i>	<i>9.998,70</i>	<i>202000003274</i>
<i>EIM Costeira-Saiáns</i>	<i>17066-332 (Lote 2)</i>	<i>11.607,92</i>	<i>202000003275</i>
<i>EIM Navia</i>	<i>17043-332</i>	<i>9.403,93</i>	<i>202000003272 (ADC 39211)</i>
<i>EIM Mestres Goldar-Castrelos</i>	<i>16774-332</i>	<i>10.220,55</i>	<i>202000003270 (ADC 28584)</i>

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos termos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá ter executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo



Concello de Vigo

a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun só pagamento ou mediante pagos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitudes de abonos parciais polos períodos 1 a 31 de maio de 2020 e 1 a 30 de xuño de 2020.

A lei permite ao órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que o mesmo se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución dos contratos de xestión das escolas infantís de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello, consonte aos importes recollidos nos informes do servizo xestor para os períodos 1 a 31 de maio de 2020 e 1 a 30 de xuño de 2020.

-III-

ACUMULACIÓN DE EXPEDIENTES

O artigo 57 da LPAC permite que o órgano administrativo que inicie o tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poida acordar, de oficio o a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver os procedementos.

No caso que nos ocupa, dado que unha mesma empresa e adxudicataria de varios contratos de xestión de escolas municipais, e que formula unha única solicitude, para que se declare polo órgano de contratación a imposibilidade de prestar o servizo polas mesmas circunstancias en todos os casos, non existe inconveniente, ao abeiro da norma citada, en acumular os expedientes e resolver todas as solicitudes nun mesmo acordo.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Acumular as solicitudes de abono a conta da indemnización de danos e perdas pola suspensión da execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escritos de data 8 de xuño de 2020 (documentos nº 200102258, 20012259, 20012261, 20012262 e 20012264) relativas aos seguintes procedementos:

- **Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016**
- **Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordo da XGL de data 15 de marzo de 2016**
- **Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015**
- **Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017**

2º.- Autorizar os abonos a conta da indemnización de danos e perdas a consecuencia da suspensión da execución dos contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, polos seguintes importes relativos aos períodos 1 a 31 de maio de 2020 e 1 a 30 de xuño de 2020 distribuídos por escola e expedientes de gasto:

➤ **Período 1 a 31 de maio de 2020:**

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 13.217,69€

Mantemento Garantía: 23,04€

Pólizas de seguros: 126,75€

Total: 13.367,48€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 9.771,74€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,28€

Total: 9.998,70€



Concello de Vigo

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 11.380,98€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,26€

Total: 11.607,92€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 9.260,36€

Mantemento Garantía: 20,87€

Pólizas de seguros: 122,70€

Total: 9.403,93€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 10.081,56€

Mantemento Garantía: 20,87€

Pólizas de seguros: 118,12€

Total: 10.220,55€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	13.367,49	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	9.998,70	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	11.607,92	202000003275
EIM Navia	17043-332	9.403,93	202000003272 (ADC 39211)
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	10.220,55	202000003270 (ADC 28584)

➤ **Período 1 a 30 de xuño de 2020:**

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 13.217,69€

Mantemento Garantía: 23,04€

Pólizas de seguros: 126,75€

Total: 13.367,48€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 9.771,74€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,28€

Total: 9.998,70€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 11.380,98€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,26€

Total: 11.607,92€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 9.260,36€

Mantemento Garantía: 20,87€

Pólizas de seguros: 122,70€

Total: 9.403,93€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 10.081,56€

Mantemento Garantía: 20,87€

Pólizas de seguros: 118,12€

Total: 10.220,55€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	13.367,49	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	9.998,70	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	11.607,92	202000003275
EIM Navia	17043-332	9.403,93	202000003272 (ADC 39211)
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	10.220,55	202000003270 (ADC 28584)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(637).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6351/241.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 31/07/2020, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de área e pola letrada-xefa Asesoramento da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2014, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- O 7 de novembro de 2014, a XGL acordou:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250) por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12

meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade”.

Terceiro.- Con data do 18 de decembro de 2017 a XGL acordou modificar o contrato. Esta primeira modificación realizada representou un incremento do 3,80% do prezo primitivo do mesmo.

Cuarto.- O 18 de outubro de 2018 a XGL acordou prorrogar o contrato por un ano e en data 23 de maio de 2019 acordouse unha segunda prórroga dun ano de duración. O contrato finalizará o 30 de novembro de 2020.

Quinto.- O 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou autorizar a incorporación dos prezos contraditorios que se propoñen na Addenda nº4 aos Anexos I e II de prezos de aplicación no contrato de “Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo”, sen variación do prezo do contrato, para incluír materiais e unidades de obra non previstos inicialmente nos Anexos I e II do PPT.

Sexto.- O 23 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local acordou autorizar a prórroga do contrato por un prazo dun ano, polo período comprendido dende o 01.12.2019 ata o 30.11.2020.

Sétimo.- Con data do 9 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local acordou unha modificación do contrato consistente nun incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT. Esta segunda modificación representa un 6,18 do prezo primitivo, que en conxunto coas modificacións do contrato xa efectuadas, supón un total dun 9,98 % do mesmo.

Oitavo.- O 2 de xullo de 2020 a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos municipal e o director técnico do contrato-enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emiten informe sobre a necesidade de modificar o contrato.

Noveno.- O 2 de xullo de 2020, o responsable do Contrato-xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento solicita a tramitación dunha modificación do contrato nos termos do informe técnico da mesma data.

Décimo.- O 17 de xullo de 2020 a concelleira delegada de Contratación adoptou a seguinte resolución:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (71.048-250) nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 641.280,00 euros para a anualidade 2020 (un 10,02 % do prezo do contrato), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210000 (contrato mantemento viais).



Concello de Vigo

3º.- *Unha vez adoptado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

4º.- *Dar audiencia a CIVIS GLOBAL, S.L., por prazo de dez días para que formule as alegacións que ao seu dereito conveñan”.*

Undécimo.- O 21 de xullo de 2020 notificouse a resolución anterior ao contratista.

Duodécimo.- Con data do 29 de xullo, D. CELSO MANUEL PIÑEIRO MALVAR, en representación da empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U., mediante escrito rexistrado co número 200137762, manifesta a súa conformidade coa proposta de modificación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación aplicable a esta modificación.

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

Hai que ter en conta que se ben con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26.2.2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cínquese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o

procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia da modificación de contratos é a prevista na nova LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.



Concello de Vigo

- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C das FEC):

- Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B das FEC):

- Un incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D das FEC).

Respecto ao procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- A modificación acordarase exclusivamente para a anualidade en curso incrementando o diminuíndo o número de traballos de mantemento e conservación ese ano.
- A modificación implicará a correlativa variación dos medios persoais e materiais na proporción correspondente.

Neste caso, e segundo se indica no informe técnico de data 2 de xullo de 2020, a modificación ven motivada polo *“incremento das operacións de reparación e mantemento”* que se corresponde coa circunstancia prevista no PCAP para determinar a modificacións (punto 16C das FEC).

Reprodúcese a continuación o informe do servizo xestor xustificando a concorrencia destas circunstancias que permiten a modificación:

“INFORME PROPOSTA PARA A AUTORIZACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIAIRIAS DO CONCELLO DE VIGO

I.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 07.11.2014, acordou, entre outros:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do

Concello de Vigo (expediente 71048-250) por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade.

II.- En data 02.07.2020 a Enxeñeira de Caminos Canais e Portos municipal, así como o Director Técnico de Contrato/ Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal, emiten informe técnico no que indican entre outros:

“ANTECEDENTES:

O Contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, adxudicado á empresa Civisglobal S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, ten como obxecto do contrato a prestación dos servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do termo municipal.

No Anexo I do Prego de prescrición técnicas inclúense os cadros de prezos de aplicación durante a execución do contrato e no Anexo II a xustificación dos mesmos.

No transcurso do ano, a detección dunha serie de incidencias e necesidades detectadas nas infraestruturas municipais que superan o custo económico da anualidade, fan necesaria a disposición de crédito xa que o custo económico de resolvelas en conxunto, xunto coas labores habituais de conservación supera o disposto na anualidade.

Entre outras actuacións que é necesario acometer, cabe destacar a estabilización de noiros e reparación ou reconstrución de muros que soportan o viario municipal, a rehabilitación do firme en rúas de alta densidade de tráfico así como a renovación e instalación de elementos de contención (barreiras de seguridade e varandas) en diferentes desniveis do viario municipal.

Nas Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.b do citado contrato descríbense como circunstancias que determinan a modificación do contrato “Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”.

Tendo en conta a multitude de afeccións de diversa consideración que soporta o viario municipal, así como a necesidade de poder afrontar os meses que restan para a finalización do ano 2020 cos medios que permitan garantir o correcto



Concello de Vigo

mantemento, conservación e arranxo dos viario municipal, evitando riscos á cidadanía, considérase necesaria a modificación do citado contrato para incrementar as operacións de reparación e mantemento de forma urxente.

MODIFICACIÓNS:

Tendo en conta os condicionantes anteriormente descritos, se recolle a continuación a valoración económica prevista para as principais actuacións que se deben executar na anualidade 2020 e que motivan o presente modificado.

- O Estado de Alarma decretado por medio do RD 463/2020 de 14 de marzo, que estableceu limitacións á libre circulación das persoas e importantes medidas de contención da actividade produtiva, así como a súa posterior modificación a través do RD 465/2020 de 17 de marzo, non impuxeron a paralización da actividade no sector da construción, polo que se continuou coas labores de mantemento ordinario, exceptuando o período comprendido entre o 30 de marzo de 2020 e 9 de abril de 2020, delimitado polo RDL 10/2020 de 29 de marzo de 2020, polo que se regulou un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non prestasen servizos esenciais. Neste contexto de limitación de libre circulación, procedeuse á programación da rehabilitación do firme en varias das rúas do centro urbano, que forman parte do entramado urbano e soportan unha importante intensidade de tráfico, incrementado por estar situadas na contorna das principais obras municipais en marcha que afectan ao centro da cidade. Neste senso a súa reparación nun estado normal da actividade produtiva implicaría complicados desvíos do tráfico e múltiples molestias á cidadanía e á súa vez ao normal desenvolvemento da devandita actividade económica e produtiva.

As rúas e treitos obxecto de rehabilitación de firme neste contexto foron, Avda. Florida, treito baixo de rúa Venezuela coa rúa Simón Bolívar, intersección das rúas Marqués de Valladares e Velázquez Moreno, Llorente, rúa Santa Marta e Travesía de Vigo.

Estas labores de rehabilitación necesarias para manter o nivel de servizo do viario municipal, consistiron nunha reparación programada que incrementou economicamente os medios adicados ás labores habituais de mantemento ordinario en firmes, posto que o mal estado que presentan xa non permite unha reparación baseada en labores de mero bacheo ou reparación puntual de fochancas, cun orzamento de gasto de 169.985,54 € IVE excluído, xa executado e incluído nas certificacións de abril e maio 2020.

Neste eido de actuacións atópase aínda en execución a rúa Papuxa, para a que se estima un custo superior a 11.000,00€ IVE excluído. Outras rúas presentan un estado do firme que excede das labores de conservación ordinaria, como treitos da rúa Ramón y Cajal, Tomás Alonso ou Doutor Corbal, entre outras rúas de menor entidade, para o que se estima un custo de 76.000,00€. Sumadas ambas contías,

fan necesaria a dispoñibilidade dun mínimo de 87.000,00 euros excluído IVE, para estes traballos.

- Outro dos grupos prioritarios de actuacións que está sendo necesario acometer é a estabilización de noiros e reparación ou reconstrución de muros que soportan o viario municipal. Se atoparon numerosos puntos en mal estado nas zonas de contención do viario municipal. Xa se realizaron nesta anualidade muros, cos correspondentes custos asociados á posterior reposición do viario e servizos, en diferentes puntos do viario, como no camiño Xaméndez, na rúa Brea Muiñeira, na rúa Brea ou labores de conservación e mantemento no paso inferior da rúa Estorniño, cun orzamento de gasto de 154.753,31 € IVE excluído, xa executado e incluído nas certificacións de cada mes durante a duración das obras, dende xaneiro a maio 2020. Tendo previstas as reparacións de outros muros e noiros actualmente en revisión e fase de toma de datos de campo, como o situado en camiño Pinguela (Valadares) ou na Avda do Aeroporto, entre outros, ademais do remate doutros traballos xa iniciados anteriormente e pendentes de finalizar, como o paso inferior na rúa Estorniño, se estima necesaria a dispoñibilidade duns 200.000,00 euros excluído IVE.

- No caso das obras de sostemento con elementos de contención, forman parte evidente das actuacións esenciais de seguridade por situarse estes nos desniveis existentes no dominio público e protexer á cidadanía dos riscos asociados ás caídas a distinto nivel, como teñen sido a substitución das varandas en Camelias, a protección do desnivel existente na rúa San Amaro ou adecuación da varanda de protección en rúa Coutadas, entre outras, suman unha cantidade de 41.457,23 € IVE excluído, que nas diferentes certificacións de xaneiro a maio desta anualidade 2020. Nesta liña de acción para garantir a seguridade no viario municipal, preténdese continuar coa labor de substitución e instalación de elementos de contención, como a reposición de elementos en mal estado por causa de accidentes como en avda. Castelaou ou praza España, sendo treitos de varanda para protección das persoas nas beirarrúas en puntos de confluencia de alto tránsito tanto peonil como de vehículos. Así como outros puntos na vía pública onde existen desniveis a protexer, tanto no centro da cidade como na parte rural do término municipal, entre outros, rúa Castro en Matamá ou estrada Vilaverde en Zamáns. Para este tipo de actuacións se estima a cantidade de 50.000,00 euros excluído IVE.

A anualidade dispoñible para o presente ano 2020, que finaliza o 30 de novembro de 2020 é de 1.212.121,21 euros IVE excluído. O importe que representan as operacións ordinarias levadas a cabo ata o de agora e as de reparación e mantemento descritas anteriormente xa executadas arroxa unha valoración xa certificada de xaneiro a maio de 1.046.423,61 euros IVE excluído, o que resta 165.697,60 euros IVE excluído para este contrato de maio a novembro.

Tendo en conta o anterior, se considera necesaria a incorporación de 529.983,47 euros IVE excluído, para así poder dispoñer do crédito suficiente que permita a



Concello de Vigo

execución cun alcance adecuado das tarefas de conservación ordinarias necesarias así como das actuacións necesarias para garantir a seguridade no viario municipal ata o fin da anualidade en novembro de 2020.

Á vista dos traballos a executar para a reposición das necesidades e afeccións detectadas, non é preciso a incorporación de materias e unidades de obra novos nos Anexos I e II do Prego de prescricións técnicas.

Se presenta a continuación resumo económico do importe adicional do presente modificado:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	615.769,38 €
13% Gastos Xerais	80.050,02 €
6% Beneficio Industrial	36.946,16 €
1,5% Xestión de Residuos	9.236,54 €
2% Seguridade e Saúde	12.315,39 €
SUMA PARCIAL	757.317,49 €
Baixa de adxudicación 29,74%	224.334,02 €
SUMA	529.983,47 €
21% IVE	111.296,53 €
ORZAMENTO LÍQUIDO	641.280,00 €

CONCLUSIÓNS:

A causa do incremento das operacións de reparación e mantemento propostas no presente expediente se corresponden coas circunstancias que determinan a modificación do contrato, recollidas no Anexo I das Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.c): "Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso".

Con data 18 de decembro de 2017 aproba a Xunta de Goberno Local a modificación con incremento de custo de 243.269,40 IVE incluído, que supuxo un 3,80% do importe permitido de modificación. Posteriormente, con data 9 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda a modificación que supuxo o incremento de 395.742,96€ IVE incluído 6,18% do prezo do contrato.

Estas anteriores modificación supuxeron un incremento do 9,98% do prezo do contrato.

O presente incremento calculado para a presente anualidade é de 641.280,00€, IVE incluído.

O incremento das operacións para a presente anualidade, non supera os límites da modificación establecidos no punto 16.d) das F.E.C. do 20% do prezo do contrato, xa que alcanza o 10,02%, que sumado aos dous anteriores expedientes de modificación que sumaban un 9,98% alcanzan o 20% do total do contrato.”

III.- As modificacións propostas no informe técnico atópanse dentro das previstas nos PCAP, no apartado 16 das FEC que prevé a posibilidade de modificación do contrato nas circunstancias que seguen:

- Aspectos a modificar: Un incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT.*
- Circunstancias que determinan a modificación: Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.*
- Límites da modificación: 20% do prezo do contrato*

IV.- Consta no expediente audiencia e conformidade do contratista de data 02.07.2020.

Á vista do exposto SOLICÍTASE, que por parte do Servizo de Contratación se tarmite a modificación do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un importe de 641.280,00€ (9,98%) nos termos referidos no informe técnico, da anualidade de 2020.

A imputación do gasto realizarase á aplicación orzamentaria 1532.210000 (contrato mantemento vias), que conta con crédito adecuado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación”.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- 1. Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, debido ao deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación excede do importe previsto para a anualidade do contrato en curso, resulta necesario incrementar as operacións de reparación e mantemento (apartados 16.C e 16B das FEC, respectivamente).*
- 2. Supón un incremento do prezo do contrato de 641.280,00 euros, que equivale a un 10,02% do prezo do contrato. Xunto coas dúas anteriores modificacións (3,80% e 6,18%) non supera o límite da porcentaxe máxima de modificación do 20% fixado no apartado 16.D das FEC.*



Concello de Vigo

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ao contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a sumas da modificación proposta coas modificacións xa aprobadas, non é superior ao 20% do prezo primitivo do contrato (3,80% + 6,18% + 10,02% = 20%), tal e como se indica no informe do servizo xestor de data 2 de xullo de 2020. Consta no expediente a conformidade do contratista coa modificación proposta (escrito presentado o 29 de xullo de 2020 co número de documento 200137762).

Respecto dos límites materiais,ponse de relevo que a modificación obedece a unha razón de interese público: o mantemento da rede viaria municipal, que se atopa deteriorada, e que resulta necesario por razóns de seguridade. O mantemento das infraestruturas viarias é unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da LBRL e 80.2.d e 81.a da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. A Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta cun total de 641.280,00 euros para a anualidade 2020, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210000 (contrato mantemento viais).

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, que non presentou alegacións

formúlase proposta sobre esta modificación ao órgano de contratación.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 da LCSP que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.



Concello de Vigo

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VII-

Proposta de resolución

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (71.048-250) nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 641.280,00 euros para a anualidade 2020 (un 10,02 % do prezo do contrato).

3º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210000 (contrato mantemento viais), que conta con crédito adecuado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación.

4º.- Unha vez adoptado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

5º.- Publicar este acordo no perfil de contratante.

6.º - Formalizar por escrito esta modificación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(638).- REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 6460/241.

Visto o informe de fiscalización de data 09/08/2020, dáse conta do informe proposta do 06/08/2020, asinado pola xefe do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada da área de Contratación e pola titular da Asesoría Xurídica:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 €).

Con data do 7 de marzo de 2014, a XGL, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa adxudicataria, CIVIS GLOBAL, S.L., co obxecto de ser a titular desta concesión e autorizou a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020 a XGL acordou, entre outros extremos, o seguinte:



Concello de Vigo

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, S.L., consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2013, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe (...)”.

Terceiro.- En data 7 de maio de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L.U., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200055296) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020, para os meses de marzo e abril de 2020. Esta solicitude se lle deu o número de expediente 582-441. Sobre esta solicitude constan no citado expediente informes do xefe do servizo de Deportes e do xefe da area de Inversións de 5 de xuño de 2020 e 25 de xuño de 2020.

Cuarto.- En data 11 de xuño a XGL, a solicitude do concesionario, acordou *“Comunicar ao concesionario o fin da suspensión da execución do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333) procedendo á reanudación do contrato o venres 12 de xuño de 2020”.*

Quinto.- En data 22 de xuño de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L.U., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200110625) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020, para o mes de maio de 2020. Esta solicitude se incluiu no expediente 582-441. Sobre esta solicitude constan no citado expediente informe do xefe do servizo de Deportes e do xefe da area de Inversións de 25 de xuño de 2020

Sexto.- En data 9 de xullo de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L.U., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200123566) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020. A cantidade solicitada polo concesionario para reequilibrar a concesión é 396.955 euros.

Sétimo.- En data 13 de xullo de 2020, o responsable do contrato informa sobre a solicitude de reequilibrio económico.

Octavo.- En data 17 de xullo de 2020, o Interventor Xeral informa o seguinte:

“Remitido á Intervención Xeral o expediente relativo ao asunto referido para a determinación do importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato de concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia, pola imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas para combatelo, esta intervención emite o seguinte

Informe:

I.- O apartado 4º do artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, e polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, dispón, con respecto ás medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, o seguinte:

“Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Devandito reequilibrio en todo caso compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custos soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente abonasen, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos durante no período de duración da situación de feito creada polo COVID-19. Só procederase á devandita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado só procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade.”.

II.- Examinada a solicitude presentada polo concesionario, e visto o informe asinado polo xefe da área de inversións e responsable do contrato no que afirma que a documentación aportada “xustifica e acredita fehacientemente a realidade sobre a perda real de ingresos e os custes reais referentes ao citado período incluíndo nos mesmos aqueles custes soportados pola situación creada polo COVID-19”, esta intervención entende que, salvo mellor parecer, o importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato ascende a **367.226,82** conforme ao cálculo seguinte:

	Marzo 2019	Abril 2019	Maio 2019	Xuño 2019	Totais
Ingresos	223.901,00	227.392,00	220.529,00	226.941,00	898.763,00
Gastos	-214.904,00	-214.932,00	-222.549,00	-216.248,00	-868.633,00



Concello de Vigo

Resultado	8.997,00	12.460,00	-2.020,00	10.693,00	30.130,00
-----------	----------	-----------	-----------	-----------	------------------

	Marzo 2020	Abril 2020	Maio 2020	Xuño 2020	Totais
Ingresos	210.567,45	0,00	0,00	13.607,53	224.174,98
(Devolucións)	-11.233,65	0,00	0,00	0,00	-11.233,65
(Compensación cursos natación setembro)	-25.797,09	0,00	0,00	0,00	-25.797,09
Gastos	-157.763,97	-135.539,26	-91.411,35	-139.526,48	-524.241,06
Resultado	15.772,74	-135.539,26	-91.411,35	-125.918,95	-337.096,82

Resultado obtido pola concesionaria no período marzo-xuño 2019	30.130,00
Resultado obtido pola concesionaria no período marzo-xuño 2020	-337.096,82
Importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato	367.226,82

”

Noveno.- En data 30 de xullo de 2020, o Tesoureiro Municipal asina a retención de crédito por importe de 367.226,82 euros.

Décimo.- En data 5 de agosto de 2020 a xefa do servizo de Contratación, co conforme da Concelleira delegada, asina un informe proposta de reequilibrio, do cal evacuouse trámite de audiencia o concesionario.

Undécimo.- En data 5 de agosto de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L.U., manifesta a súa conformidade á proposta formulada pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato de xestión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de 22 de novembro de 2013 a CIVISGLOBAL, S.L. Esta mercantil axuntou na súa oferta o compromiso de constitución dunha sociedade instrumental para a xestión da concesión. A XGL, na sesión ordinaria do 7 de marzo de 2014, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., e acordou autorizar a formalización do contrato coa mesma.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

-II-

Recoñecemento do dereito o reequilibrio da concesión por mor da suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus Covid-19

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública.

Este, no seu apartado 4, determina que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, como a presente, só procederá acordar o reequilibrio económico do contrato, cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4).

No caso que nos ocupa, o órgano de contratación declarou a imposibilidade de executar o contrato nos termos previstos nos pregos por mor das medidas adoptadas polas autoridades para combater o coronavirus. Efectivamente, o artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, referido a "Medidas de contención no ámbito da actividade comercial, instalacións culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras medidas adicionais", impón a suspensión da apertura ó público de locais e establecementos onde teñen lugar espectáculos públicos, actividades deportivas e de lecer indicadas no anexo do real decreto. Este, entre as instalacións deportivas inclúe "piscinas, centros deportivos, ximnasia e outros locais, instalacións ou actividades similares ás mencionadas". Se ben as instalacións obxecto desta concesión xa foran pechadas con carácter previo pola Resolución do Alcalde de Vigo do 13 de marzo de 2020. Así mesmo, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio do Comunidade autónoma de Galicia determina no artigo 7 a suspensión da actividade nas instalacións deportivas.

Á vista da normativa citada, foi preciso que o concesionario procedese ó peche das instalacións ó público e posteriormente, como temos dito, o órgano de contratación declarou a citada imposibilidade de execución do contrato.

O procedemento para acordar o reequilibrio da concesión impón o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista.



Concello de Vigo

- Que o contratista acredite fehaciente a realidade, efectividade e importe dos gastos.
- Que o órgano de contratación, a instancia del contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos.

A imposibilidade de execución do contrato foi declarada por acordo da XGL do 24 de abril de 2020, que declara a imposibilidade de executar o contrato desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019. Este órgano declarou o fin da suspensión e a reanudación da execución do contrato en data 11 de xuño con efectos dende o 12 de xuño de 2020.

En data 9 de xullo de 2020 o contratista presenta unha solicitude de reequilibrio económico referida a todo o período en que foi imposible executar o contrato nos seus propios termos, e axunta a documentación acreditativa dos gastos que lle ocasionou a imposibilidade de executar o contrato. Unha vez revisada esta documentación polo responsable do contrato, este informa favorablemente a necesidade de reequilibrar o contrato máis non determina o importe do reequilibrio. En consecuencia solicitouse informe da Intervención Xeral no que se cuantifica o mesmo.

-III-

Do reequilibrio da concesión

O artigo 34.4 do RDL 8/2020 determina dúas formas de reequilibrio contractual:

- A ampliación da duración inicial da concesión ata un máximo dun 15 por 100.
- A modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Da documentación presentada e do informe do servizo xestor despréndese que no caso que nos ocupa optase por modificar as cláusulas de contido económico incluídas no contrato. En concreto, optase por establecer unha compensación económica única que aboarse en efectivo por canto o contratista xustifica que ten problemas de tesourería que lle provocan unha falta de liquidez para facer fronte os pagos ordinarios necesarios para a correcta execución do contrato e garantir a continuidade da concesión.

Este precepto tamén fixa os conceptos a indemnizar:

- A perda de ingresos.
- O incremento de custes. Nestes se considerarán incluídos os posibles gastos salariais adicionais, respecto ós previstos na execución ordinaria, que efectivamente abonen durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19.

Este reequilibrio está configurado no citado artigo 34.4 como un dereito do contratista, ao que lle compensará da perda de ingresos e, no seu caso, do incremento de gastos, xerados pola pandemia. Máis é preciso por de releve que non se trata dunha modificación contractual, senón dunha medida extraordinaria adoptada por unha norma ditada para facer

fronte ás consecuencias derivadas da emerxencia sanitaria, ante a imposibilidade de cumprimento dos contratos nos seus propios termos, atendendo ó feito de que se ve afectado o réxime económico da concesión e non resultaría conforme ós principios xerais da contratación que estas consecuencias fosen asumidas integramente polo concesionario. Como dí ó profesor José María Gimeno Feliú¹ *“esta obligación de adaptación interpretativa del contenido de la prestación durante el tiempo de estado de alarma, se fundamenta en principios generales del Derecho administrativo como la interdicción del enriquecimiento injusto o sin causa, el derecho a la buena administración, la seguridad jurídica, la buena fe, la protección de la confianza legítima y la responsabilidad administrativa o responsabilidad patrimonial de la Administración pública”*.

Para proceder a este reequilibrio é preciso, como se determinou no fundamento xurídico anterior a previa solicitude do concesionario e a acreditación fehaciente da realidade, efectividade e importe dos mesmos.

É preciso por de releve que con relación o importe existe unha discrepancia entre a cantidade solicitada polo concesionario e a determinada pola Intervención Municipal. Dado que a empresa concesionaria solicitaba que esta compensación fose de 396.955 euros, e o informe do Interventor Xeral recollido no antecedente octavo de esta proposta determina que o importe que procede é de 367.226,82 euros, evacuoselle un trámite de audiencia. Durante o prazo conferido ó efecto presentou escrito manifestando a súa conformidade á proposta.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o reequilibrio do contrato como consecuencia da suspensión da execución da concesión dende o 14 de marzo de 2020 ata 11 de xuño de 2020 (data na que se reanuda o servizo), modificando o réxime económico desta establecendo unha compensación económica única de 367.226,82 euros que aboarase en efectivo, por canto o contratista xustifica problemas de liquidez.

Na aplicación presupuestaria 3410 2269902 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este pago.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1 José María Gimeno Feliu “La crisis sanitaria Covid-19 y su incidencia en la contratación pública”, El cronista del estado social y democrático de derecho, número 86-87,2020



Concello de Vigo

“1º.- Reequilibrar a concesión de servizo público de construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020.

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, MQA NAVIA, S.L., por un importe de 367.226,82 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 3410 2269902”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(639).- REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO CON OBRA PARA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARECELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DE PERI-II- 12A FLORIDA B. EXPTE. 6461/241.

Visto o informe de fiscalización de data 09/08/2020, dáse conta do informe proposta do 06/08/2020, asinado pola xefe do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada da área de Contratación e pola titular da Asesoría Xurídica:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou adxudicar a sociedade concesionaria que constitúan as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación) o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na praza central do polígono I do PERI II A FLORIDA B (expediente 6.078-333). En data 15 de xuño de 2007 formalizouse o contrato que nos ocupa coa sociedade AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020 a XGL acordou, entre outros extremos, o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe (...).”

Terceiro.- En data 7 de maio de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200055324) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020, para os meses de marzo e abril de 2020. Esta solicitude se lle deu o número de expediente 583-441. Sobre esta solicitude constan no citado expediente informes do xefe do servizo de Deportes e do xefe da area de Inversións de 5 de xuño de 2020 e 25 de xuño de 2020).

Cuarto.- En data 11 de xuño a XGL, a solicitude do concesionario, acordou *“Comunicar ao concesionario o fin da suspensión da execución do contrato de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II a Florida B (expediente 6.078-333) procedendo á reanudación do contrato o venres 12 de xuño de 2020”*.

Quinto.- En data 22 de xuño de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200110512) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020, para o mes de maio de 2020. Esta solicitude se incluiu no expediente 583-441. Sobre esta solicitude constan no citado expediente informe do xefe do servizo de Deportes e do xefe da area de Inversións de 25 de xuño de 2020



Concello de Vigo

Sexto.- En data 9 de xullo de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200123564) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020. A cantidade solicitada polo concesionario para reequilibrar a concesión é 569.520 euros.

Séptimo.- En data 13 de xullo de 2020, o responsable do contrato informa sobre a solicitude de reequilibrio económico.

Octavo.- En data 17 de xullo de 2020, o Interventor Xeral informa o seguinte:

“Remitido á Intervención Xeral o expediente relativo ao asunto referido para a determinación do importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato de concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II a Florida B, pola imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas para combatelo, esta intervención emite o seguinte

Informe:

I.- O apartado 4º do artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, e polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, dispón, con respecto ás medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, o seguinte:

“Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Devandito reequilibrio en todo caso compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custos soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente abonasen, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos durante no período de duración da situación de feito creada polo COVID-19. Só procederase á devandita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado só procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato como

consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade.”.

II.- Examinada a solicitude presentada polo concesionario, e visto o informe asinado polo xefe da área de inversións e responsable do contrato no que afirma que a documentación aportada “xustifica e acredita fehacientemente a realidade sobre a perda real de ingresos e os custes reais referentes ao citado período incluíndo nos mesmos aqueles custes soportados pola situación creada polo COVID-19”, esta intervención entende que, salvo mellor parecer, o importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato ascende a **502.940,92** conforme ao cálculo seguinte:

	Marzo 2019	Abril 2019	Mayo 2019	Junio 2019	Totales
Ingresos	323.667,00	323.955,00	318.793,00	307.731,00	1.274.146,00
Gastos	-299.756,00	-300.730,00	-311.464,00	-309.948,00	-1.221.898,00
Resultado	23.911,00	23.225,00	7.329,00	-2.217,00	52.248,00

	Marzo 2020	Abril 2020	Mayo 2020	Junio 2020	Totales
Ingresos	311.950,15	0,00	0,00	8.633,83	320.583,98
(Devolucións)	-20.719,80	0,00	0,00	0,00	-20.719,80
(Compensación cursos natación setembro)	-26.356,32	0,00	0,00	0,00	-26.356,32
Gastos	-201.654,77	-159.724,71	-159.586,52	-203.234,78	-724.200,78
Resultado	63.219,26	-159.724,71	-159.586,52	-194.600,95	-450.692,92

Resultado do período marzo-xuño 2019	52.248,00
Resultado do período marzo-xuño 2020	-450.692,92
Importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato	502.940,92

Noveno.- En data 30 de xullo de 2020, o Tesoureiro Municipal asina a retención de crédito por importe de **502.940,92** euros.

Décimo.- En data 5 de agosto de 2020 a xefa do servizo de Contratación, co conforme da Concelleira delegada, asina un informe proposta de reequilibrio, do cal evacuose trámite de audiencia o concesionario.

Undécimo.- En data 5 de agosto de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., manifesta a súa conformidade á proposta formulada pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable



Concello de Vigo

O contrato de xestión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión de data 23 de maio de 2007, á sociedade concesionaria que constituirían as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación), pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. O contrato formalizouse o 15 de xuño de 2007 coa sociedade AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Recoñecemento do dereito o reequilibrio da concesión por mor da suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus Covid-19

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública.

Este, no seu apartado 4, determina que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, como a presente, só procederá acordar o reequilibrio económico do contrato, cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4).

No caso que nos ocupa, o órgano de contratación declarou a imposibilidade de executar o contrato nos termos previstos nos pregos por mor das medidas adoptadas polas autoridades para combater o coronavirus. Efectivamente, o artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020,

referido a "Medidas de contención no ámbito da actividade comercial, instalacións culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras medidas adicionais", impón a suspensión da apertura ó público de locais e establecementos onde teñen lugar espectáculos públicos, actividades deportivas e de lecer indicadas no anexo do real decreto. Este, entre as instalacións deportivas inclúe "piscinas, centros deportivos, ximnasios e outros locais, instalacións ou actividades similares ás mencionadas". Se ben as instalacións obxecto desta concesión xa foran pechadas con carácter previo pola Resolución do Alcalde de Vigo do 13 de marzo de 2020. Así mesmo, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio do Comunidade autónoma de Galicia determina no artigo 7 a suspensión da actividade nas instalacións deportivas.

Á vista da normativa citada, foi preciso que o concesionario procedese ó peche das instalacións ó público e posteriormente, como temos dito, o órgano de contratación declarou a citada imposibilidade de execución do contrato.

O procedemento para acordar o reequilibrio da concesión impón o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista.
- Que o contratista acredite fehaciente a realidade, efectividade e importe dos gastos.
- Que o órgano de contratación, a instancia del contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos.

A imposibilidade de execución do contrato foi declarada por acordo da XGL do 24 de abril de 2020, que declara a imposibilidade de executar o contrato desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019. Este órgano declarou o fin da suspensión e a reanudación da execución do contrato en data 11 de xuño con efectos dende o 12 de xuño de 2020.

En data 9 de xullo de 2020 o contratista presenta unha solicitude de reequilibrio económico referida a todo o período en que foi imposible executar o contrato nos seus propios termos e axunta a documentación acreditativa dos gastos que lle ocasionou a imposibilidade de executar o contrato. Unha vez revisada esta documentación polo responsable do contrato, este informa favorablemente a necesidade de reequilibrar o contrato máis non determina o importe do reequilibrio. En consecuencia solicitouse informe da Intervención Xeral no que se cuantifica o mesmo.

-III-

Do reequilibrio da concesión

O artigo 34.4 do RDL 8/2020 determina dúas formas de reequilibrio contractual:



Concello de Vigo

- A ampliación da duración inicial da concesión ata un máximo dun 15 por 100.
- A modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Da documentación presentada e do informe do servizo xestor despréndese que no caso que nos ocupa optase por modificar as cláusulas de contido económico incluídas no contrato. En concreto, optase por establecer unha compensación económica única que aboarase en efectivo por canto o contratista xustifica que ten problemas de tesourería que lle provocan unha falta de liquidez para facer fronte os pagos ordinarios necesarios para a correcta execución do contrato e garantir a continuidade da concesión.

Este precepto tamén fixa os conceptos a indemnizar:

- A perda de ingresos.
- O incremento de custes. Nestes se considerarán incluídos os posibles gastos salariais adicionais, respecto ós previstos na execución ordinaria, que efectivamente abonen durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19.

Este reequilibrio está configurado no citado artigo 34.4 como un dereito do contratista, ao que lle compensará da perda de ingresos e, no seu caso, do incremento de gastos, xerados pola pandemia. Máis é preciso por de releve que non se trata dunha modificación contractual, senón dunha medida extraordinaria adoptada por unha norma ditada para facer fronte ás consecuencias derivadas da emerxencia sanitaria, ante a imposibilidade de cumprimento dos contratos nos seus propios termos, atendendo ó feito de que se ve afectado o réxime económico da concesión e non resultaría conforme ós principios xerais da contratación que estas consecuencias fosen asumidas integramente polo concesionario. Como dí ó profesor José María Gimeno Feliú¹ *“esta obligación de adaptación interpretativa del contenido de la prestación durante el tiempo de estado de alarma, se fundamenta en principios generales del Derecho administrativo como la interdicción del enriquecimiento injusto o sin causa, el derecho a la buena administración, la seguridad jurídica, la buena fe, la protección de la confianza legítima y la responsabilidad administrativa o responsabilidad patrimonial de la Administración pública”*.

Para proceder a este reequilibrio é preciso, como se determinou no fundamento xurídico anterior a previa solicitude do concesionario e a acreditación fehaciente da realidade, efectividade e importe dos mesmos.

É preciso por de releve que con relación o importe existe unha discrepancia entre a cantidade solicitada polo concesionario e a determinada pola Intervención Municipal. Dado que a empresa concesionaria solicitaba que esta compensación fose de 569.520 euros, e o informe do Interventor Xeral recollido no antecedente octavo de esta proposta determina que o importe que procede é de 502.940,92 euros, evacuoselle un trámite de audiencia. Durante o prazo conferido ó efecto presentou escrito manifestando a súa conformidade á proposta.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o reequilibrio do contrato como consecuencia da suspensión da execución da concesión dende o 14 de marzo de 2020 ata 11 de xuño de 2020 (data na que se reanuda o servizo),

1 José María Gimeno Feliú “La crisis sanitaria Covil-19 y su incidencia en la contratación pública”, El cronista del estado social y democrático de derecho, número 86-87,2020

modificando o réxime económico desta establecendo unha compensación económica única de 502.940,92 euros euros que aboarase en efectivo, por canto o contratista xustifica problemas de liquidez.

Na aplicación presupuestaria 3410 2269902 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este pago.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Reequilibrar a concesión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020.

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., por un importe de 502.940,92 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 3410 2269902”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6/(640).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19397/333.

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 17/07/2020, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“I- ANTECEDENTES:



Concello de Vigo

Vista a proposta do 17 de xullo de 2020 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Adx. Xefe do servizo de deportes-director Técnico como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que o importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función do proceso de avaliación que se realizará de acordo cos criterios previstos na cláusula 7ª das mesmas, na que se establece unha subvención lineal e a fondo perdido aplicable sobre o orzamento do proxecto, cos límites reflectidos na base oitava e como máximo o 100% do orzamento dos proxectos de execución das actuacións subvencionadas, cun importe inicial do 70% do mesmo que poderá incrementarse conforme ó cadro que segue:

Reforma da instalación eléctrica e substitución da iluminación do terreo de xogo:

Pola antigüidade da instalación existente	%
15 anos ou mais	10
Menos de 15 anos	5
Polo volume do programa deportivo desenvolto na instalación.	%
Mais 250 deportistas federados	20
Ata 250 deportistas federados	5

Tal como se establece no art. 19.2 da Lei de subvencións de Galicia, non se fixará un orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, tendo en conta que polo obxecto e finalidade da subvención non é necesaria a comparación e prelación das solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Á vista das solicitudes admitidas no procedemento por cumprir cos requisitos establecidos, e no suposto de que o crédito dispoñible sexa insuficiente para atender os límites dos importes inicialmente propostos tras a aplicación dos criterios establecidos para o outorgamento das subvencións, a comisión avaliadora reducirá proporcionalmente estes importes iniciais ata o límite orzamentario da convocatoria.

A esta convocatoria presentouse 1 solicitude, a cal foi admitida.

Da avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios para a determinación das subvencións establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que o importe solicitado pola entidade en base ó proxecto presentado, ascende a 80.000,00€.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o órgano instrutor, se desprende que os beneficiario cumpre os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración da solicitude presentada certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados pola entidade solicitante están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónase o importe proposto para a entidade solicitante de subvención admitida no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias na tempada 2018/2019. Na comprobación de este concepto utilizouse o certificado emitido pola Federación Galega de Fútbol.

Da mesma forma, e tal como establecen as bases, a entidade solicitante certificou a propiedade dos terreos nos que se atopan as instalacións existentes e antigüidade dos equipamentos obxecto das actuacións, presentaron o proxecto de execución sobre o que se solicita a subvención, que foi informado favorablemente polos arquitectos municipais.

Por outra banda, a comisión de valoración da solicitude presentada certifica ademais que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións e que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

A entidade solicitante da subvención declara que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No anexo I relaciónase o importe da subvención proposta para a entidade solicitante admitida.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

–Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora da iluminación en campos de fútbol da cidade de Vigo segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 80.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3420.780.00.11.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA “ CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN



Concello de Vigo

ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á MELLORA DA ILUMINACIÓN EN CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO

	Nº EXPTE	ENTIDADE	CIF	IMPORTE
1	19742-333	SOCIEDAD CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA	G36620854	80.000,00€

7(641).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2020. EXPTE. 10199/224.

Visto o informe xurídico do 30/07/2020 e o informe de fiscalización de data 03/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/07/2020, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, pola xefa do servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres realizadas desde o 25 de outubro de 2019 ata o 24 de outubro de 2020 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25 “o” e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “k” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de

medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

En relación á finalidade desta convocatoria, valórase a necesidade de regular o procedemento de subvencións que o Concello de Vigo ten contemplado no vixente orzamento, polo cal esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencións a entidades sen fin de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2020. Con tal motivo, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, propón a regulación do acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 91.000,00€ que será efectivo con cargo á partida específica: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2020; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2020 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2020, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.



Concello de Vigo

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 91.000,00€ (noventa e un mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(642).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 36070/220.

Visto o informe de fiscalización de data 04/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 31/07/2020, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo de RR HH (Instrución 15/07/2020) e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, coa conformidade da concelleira delegada competente, solicita con carácter urxente, dous oficiais de instalación precisos para o cumprimento das novas medidas de protección para evitar o contaxio por COVID-19.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 20/07/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación a tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna ata o 31/12/2020.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV.- Consta no expediente conformidade do Comité de persoal para a utilización das listas caducadas cun límite temporal, debido ás circunstancias derivadas da COVID 19, e a imposibilidade de celebrar procesos selectivos para actualizar as bolsas.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).



Concello de Vigo

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o a execución dun programa temporal por un prazo máximo de 3 anos, prorrogable por 12 meses (apartado c), e o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do exceso de acumulación de tarefas por un tempo máximo de cinco meses e sete días.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.300-oficiais de instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas ou programa.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito que obra no expediente, asinado pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente e a Concelleira delegada competente, resulta necesario a incorporación de dous/dúas oficias de instalacións por acumulación de tarefas para continuar co cumprimento das novas medidas de protección para evitar o contaxio por COVID-19.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 20/07/2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da



Concello de Vigo

Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o custe total do nomeamento interino proposto de dous/dúas oficiais de instalacións por un período máximo de cinco meses e sete días, supón un gasto total de **21.763,76 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.215,78 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **29.979,54 €**.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

V. Verificación das listas de reserva e xustificación de utilización excepcional da lista de Oficiais de desinfección caducada o 12/07/2020:

Como consecuencia da situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e como consecuencia inevitable da referida situación excepcional de imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, para poder formar nova bolsa de oficiais de desinfección; é preciso utilizar a anterior lista a pesar da súa caducidade dende o 12/07/2020, excepciónando neste caso e dadas as circunstancias descritas o punto V dos vixentes Criterios de Xestión de listas de reserva no ámbito do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno local, e que establecen con carácter xeral unha caducidade de tres anos das listas.

A estos efectos, consta no expediente conformidade do Comité de persoal para a utilización das listas caducadas cun límite temporal, debido ás circunstancias derivadas da COVID 19, e a imposibilidade de celebrar procesos selectivos para actualizar as bolsas.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificada a anterior lista de reserva para a categoría de **Oficial de Instalacións**, utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o*

*chamamento como oficiais de instalacións das seguintes persoas: **J. F. Fonterosa Amez**, con dni nº.: ***6381**, e **F. Bastos Cabaleiro**, con dni nº.: ***7239**. Todo elo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as como oficiais de instalacións, xustificado no cumprimento das novas medidas de protección para evitar o contaxio por COVID-19 e ao abeiro do exposto no artigo 10.1 d) do TREBEP, xustificadas nas necesidades do **Servizo de de Medio Ambiente**, en consecuencia, autorizar o gasto total por importe de **21.763,76 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.215,78 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **29.979,54 €**. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas a **J. F. Fonterosa Amez**, con dni nº.: ***6381**, e **F. Bastos Cabaleiro**, con dni nº.: ***7239**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local para o ámbito do Concello de Vigo utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando o nomeamento cando transcorran o prazo máximo de



Concello de Vigo

cinco meses e sete días dende a data do nomeamento (finalizando o 31/12/2020), nos termos legalmente previstos; percibindo todos/as como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-oficial instalacións municipais), sendo adscritos/as ao Servizo de Medio ambiente, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(643).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS OFICIAIS DESINFECTORES PARA O SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS. EXPTE. 36042/220.

Visto o informe de fiscalización de data 04/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 24/07/2020, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo de RR HH (Instrución 15/07/2020) e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, coa conformidade da concelleira delegada competente, solicita con carácter urxente, dous oficiais desinfectores, precisos para continuar coas labores de desinfección fronte á COVID- 19 nos bens mobles e inmobles de uso e servizos Público polo Servizo Municipal de Desinfección/Control de Pragás .

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo

de data 20/07/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación a tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna ata o 31/12/2020.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV.- Consta no expediente conformidade do Comité de persoal para a utilización das listas caducadas cun límite temporal, debido ás circunstancias derivadas da COVID 19, e a imposibilidade de celebrar procesos selectivos para actualizar as bolsas.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”



Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o a execución dun programa temporal por un prazo máximo de 3 anos, prorrogable por 12 meses (apartado c), e o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do exceso de acumulación de tarefas por un tempo máximo de cinco meses e sete días.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.240-oficiais desinfectores), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas ou programa.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de



Concello de Vigo

descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito que obra no expediente, asinado pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente e a Concelleira delegada competente, resulta necesario a incorporación de dous/dúas oficiais desinfectores por acumulación de tarefas para continuar as labores de desinfección fronte á COVID- 19 nos bens mobles e inmobles de uso e servizos Público polo Servizo Municipal de Desinfección/Control de Pragas.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 20/07/2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o custe total do nomeamento interino proposto de dous/dúas oficiais de desinfección por un período máximo de cinco meses e sete días, supón un gasto total de **21.594,89 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.462,98 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **29.057,87 €**.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

V. Verificación das listas de reserva e xustificación de utilización excepcional da lista de Oficiais de desinfección caducada o 12/07/2020:

Como consecuencia da situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e como consecuencia inevitable da referida situación excepcional de imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, para poder formar nova bolsa de oficiais de desinfección; é preciso utilizar a anterior lista a pesar da súa caducidade dende o 12/07/2020, excepcionando neste caso e dadas as circunstancias descritas o punto V dos vixentes Criterios de Xestión de listas de reserva no ámbito do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno local, e que establecen con carácter xeral unha caducidade de tres anos das listas.

A estos efectos, consta no expediente conformidade do Comité de persoal para a utilización das listas caducadas cun límite temporal, debido ás circunstancias derivadas da COVID 19, e a imposibilidade de celebrar procesos selectivos para actualizar as bolsas.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial desinfectora, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais desinfectores, por acumulación de tarefas, a T. Pérez Tizón, con dni ***7395**, e R. Marcos Fernández, con dni ***9036**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as como oficiais desinfectores, ao abeiro do exposto no artigo 10.1 d) do TREBEP, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Control de Pragás**, en consecuencia, autorizar o gasto total por importe de **21.594,89 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.462,98 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **29.057,87 €**. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

TERCEIRO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas a **T. Pérez Tizón, con dni ***7395****, e **R. Marcos Fernández, con dni ***9036****, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local para o ámbito do Concello de Vigo utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando o nomeamento cando transcorran o prazo máximo de cinco meses e sete días dende a data do nomeamento (finalizando o 31/12/2020), nos termos legalmente previstos; percibindo todos/as como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 240-oficial desinfector), sendo adscritos/as ao Servizo de Control de Pragás, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(644).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO OPERARIOS PEÓNS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 36043/220.

Visto o informe de fiscalización de data 05/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/07/2020, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo de RR HH (Instrución 15/07/2020) e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o Xefe do Servizo de Limpeza, coa conformidade do Concelleiro delegado de Fomento, solicita con carácter urxente, catro operarios/as-peóns, xustificando nas circunstancias da nova normalidade que entrou en vigor en Galiza o pasado luns 15 de xuño do 2020, e que obriga ao Servizo de Limpeza a acelerar traballos que foran ralentizados polo confinamento decretado polo Goberno de España no mes de marzo pasado, e por outra banda a abordar outros que xurden desa nova normalidade.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/07/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación a tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna ata o 31/12/2020.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la***

reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o a execución dun programa temporal por un prazo máximo de 3 anos, prorrogable por 12 meses (apartado c), e o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do exceso de acumulación de tarefas por un tempo máximo de cinco meses e sete días.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.158-operario/a-peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas ou programa.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de



Concello de Vigo

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito que obra no expediente, asinado pola Xefatura do Servizo de Limpeza e o Concelleiro-delegado competente, resulta necesario a incorporación de catro operarios/as peóns por acumulación de tarefas dadas as circunstancias da nova normalidade que entraron en vigor en Galiza o pasado luns 15 de xuño do 2020, e que obriga ao Servizo de Limpeza a acelerar traballos que foran ralentizados polo confinamento decretado polo Goberno de España no mes de marzo pasado, e por outra banda a abordar outros que xurden desa nova normalidade.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 16/07/2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o custe total do nomeamento interino proposto de catro operarios/as peóns por un período máximo de cinco meses e sete días, supón un gasto total de **43.189,78 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **14.925,96 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **58.115,74 €**.

Igualmente se fai constar que: *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Operario/a Peón, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como operarios/as peóns, por acumulación de tarefas, a D. De Dios Fernández, con dni ***7680**, M.L. Silva Domínguez, con dni ***5210**, M.M. Alonso Rodríguez, con dni ***2530**, e M.C. Martínez Giráldez, con dni ***7335**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais



Concello de Vigo

efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as como operarios/as peóns, xustificado nas circunstancias da nova normalidade que entrou en vigor en Galiza o pasado luns 15 de xuño do 2020, ao abeiro do exposto no artigo 10.1 d) do TREBEP, Do **Servizo de Limpeza** en consecuencia, autorizar o gasto máximo total por importe de **43.189,78 €**, e **ao que haberá que engadirse a cantidade de 14.925,96 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: 58.115,74 €**. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas a *D. De Dios Fernández*, con dni ****7680***, *M.L. Silva Domínguez*, con dni ****5210***, *M.M. Alonso Rodríguez*, con dni ****2530***, e *M.C. Martínez Giráldez*, con dni ****7335***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva vixentes, aprobados pola Xunta de Goberno Local para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando o nomeamento cando transcorran o prazo máximo de cinco meses e sete días dende a data do nomeamento (finalizando o 31/12/2020), nos termos legalmente previstos; percibindo todos/as como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 158-operario/a peón), sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo de Limpeza, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(645).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K. 5+000 AUTOESTRADA AP-9V. EXPTE. 359/441.

Visto o informe de fiscalización do 07/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 06/08/2020, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V”**, suscrito polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos D. David Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCIENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (11.843.404,33 €) e de data setembro de 2019.*

***Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 30.10.2019.*

***Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCIENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS”** (11.843.404,33 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 2.055.466,87 €.*



Concello de Vigo

Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2ª ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE), de acordo coas seguintes anualidades:

2020: 7.850.663,48 euros

2021: 3.992.740,85 euros

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L.	91,02
2	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA – CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	90,18
3	UTE COMSA, S.A.U. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	90,10
4	UTE DRAGADOS, S.A. - PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	89,29
5	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	88,56
6	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - VÍAS E OBRAS, S.A.	86,92
7	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	86,80
8	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. -CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	84,89
9	UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMÁN, S.A.	82,32
10	UTE FRANCISCO GÓMEZ- AVINTIA CONSTRUCCIÓN	75,08
11	OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A. (OHL)	74,90

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L., o día 29 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 12 de febreiro de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, no entanto, de conformidade co disposto no apartado 16F do Anexo I -FEC- do PCAP a adxudicación deste procedemento queda suspendida ata a *“formalización da addenda modificativa do Convenio suscrito en data 31.05.2018, actualmente en tramitación polas administracións asinantes, ADIF, Concello de Vigo e Xunta de Galicia”.*

Quinto.- Mediante dilixencia do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de agosto de 2020 que figura anexado no expediente sinala que:

“Unha vez formalizada a adenda modificativa ao convenio suscrito o 31 de maio de 2018, entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade pública empresarial ADIF- Alta Velocidade, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana na entorna da “Estación Intermodal de Vigo”, e en cumprimento do disposto no apartado 15F do Anexo I -FEC- do PCAP, remítese expediente para proposta de adxudicación do contrato.”

Anéxase ao expediente a addenda modificativa ao Convenio suscrito o 31 de maio de 2018 asinada en data 3 de agosto de 2020

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto de 2020 toda vez que se formalizou a addenda modificativa ao Convenio suscrito en data 31.05.2018, acordou por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



Concello de Vigo

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 23 de xaneiro de 2020 e 28 de xaneiro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L o procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 9.235.486,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.602.853,07 euros.*
 - b) *Comprometéndose a incrementar o mantemento integral das instalacións do túnel en catro trimestres.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(646).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS”. EXPTE. 431/441.

Visto o informe de fiscalización do 07/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 06/08/2020, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (431-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS”.***

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.01.2020

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28.01.2020.

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“CENTO VINTE MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS” (120.202,85 eur)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 20.861,65 €.***

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2a ANULIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	69.646,94 €
2021	50.555,91 €



Concello de Vigo

TOTAL	120.202,85 €
-------	--------------

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 72,59%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de maio de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de SGS TECNOS por non acadar o umbral mínimo de puntuación recollido no apartado 7a do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CÍES ATLÁNTICO, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial de Víase e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 19 de maio de 2020.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (431-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ELE 31, S.L.U - ALAUDA INGENIERÍA, S.A.	91,00
2	ATENEA, S.A.U.	90,07
3	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	84,79
4	SEGURINCO, S.L.	77,80
5	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	74,07

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ELE 31, S.L.U - ALAUDA INGENIERÍA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, *UTE ELE 31, S.L.U - ALAUDA INGENIERÍA, S.A.*, o día 29 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida o 11, 12 e 26 de xuño de 2020, dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación a Mesa acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días á UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A. para que puidese acreditar a solvencia económica de ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. tal e como esixe a cláusula 8 do PCAP. Dito acordo foi notificado ao licitador na data 23 de xuño de 2020.

Dentro do prazo concedido, UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A. presentou a documentación a requirida o 26 de xuño de 2020.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, no entanto, no entanto, de conformidade co disposto no apartado 16l do Anexo I -FEC- do PCAP a *“A adxudicación deste contrato está condicionada á formalización da Adenda modificativa ao Convenio suscrito o 31 de maio de 2018, segundo o establecido na disposición adicional 3ª.2 da LCSP, por estar condicionada a esta Addenda a adxudicación das obras de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V”.*

Quinto.- Mediante dilixencia do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de agosto de 2020 que figura anexado no expediente sinala que:

“Unha vez formalizada a adenda modificativa ao convenio suscrito o 31 de maio de 2018, entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade pública empresarial ADIF- Alta Velocidade, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana na entorna da “Estación Intermodal de Vigo”, e en cumprimento do disposto no apartado 16l do Anexo I -FEC- do PCAP, remítese expediente para proposta de adxudicación do contrato..”

Anéxase ao expediente a addenda modificativa ao Convenio suscrito o 31 de maio de 2018 asinada en data 3 de agosto de 2020

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto de 2020 toda vez que se formalizou a addenda modificativa ao Convenio suscrito en data 31.05.2018, acordou por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 e 23 de abril de 2020 e 6, 19 e 20 de maio de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“ Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de SGS TECNOS por non acadar o umbral mínimo de puntuación recollido no apartado 7a do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Tomar razón da exclusión deste procedemento a CÍES ATLÁNTICO, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial de Víase e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 19 de maio de 2020.*
3. *Adxudicar a UTE formada por ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A. o procedemento para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (431-441) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 104.203,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.084,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(647).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO. EXPTE. 561/441.

Visto o informe de fiscalización do 06/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 06/08/2020, emitido pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de maio de 2020, a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de “OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO” redactado polo Arquitecto D. Marcos Plazuelo López, coa colaboración da Enxeñeira Industrial Elena González Muñoz, e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- *Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 19.05.2020.*



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS con SESENTA E SETE CÉNTIMOS” (1.227.651,67 €)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 213.063,51 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2a ANULIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	613.825,83 €
2021	613.825,84 €
TOTAL	1.227.651,67 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 100%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 15 e 16 de xullo de 2020 pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. ORECO, S.A.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	89,88
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	81,63
3	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L.	80,40

4	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	70,32
---	---------------------------------	-------

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), que presenta a documentación requirida o dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, no entanto, de conformidade co disposto no apartado 15F do Anexo I -FEC- do PCAP a “ *O presente contrato non poderá ser adxudicado ata a formalización da Adenda modificativa ao Convenio suscrito entre ADIF-Concello de Vigo e Xunta de Galicia en data 31.05.2018, segundo o establecido na disposición adicional 3ª.2 da LCSP.*”.

Quinto.- Mediante dilixencia do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 3 de agosto de 2020 que figura anexado no expediente sinala que:

“Unha vez formalizada a adenda modificativa ao convenio suscrito o 31 de maio de 2018, entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade pública empresarial ADIF- Alta Velocidade, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana na entorna da “Estación Intermodal de Vigo”, e en cumprimento do disposto no apartado 15F do Anexo I -FEC- do PCAP, remítese expediente para proposta de adxudicación do contrato.”

Anéxase ao expediente a addenda modificativa ao Convenio suscrito o 31 de maio de 2018 asinada en data 3 de agosto de 2020

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto de 2020 toda vez que se formalizou a addenda modificativa ao Convenio suscrito en data 31.05.2018, acordou por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de xuño de 2020 e 17 de xullo de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, *en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

1. *“Tomar razón das exclusións deste procedemento de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. e ORECO, S.A.U, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 15 e 16 de xullo de 2020 pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario:*
2. *Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 1.172.248,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 203.448,0 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(648).- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS CONVENIOS URBANÍSTICOS ASINADOS ATA AGORA PARA A OBTENCIÓN, POR CESIÓN GRATUÍTA, DOS TERREOS AFECTADOS POLO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO-A GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO-330), LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O N1 77 DA ESTRADA PORTO”. EXPTE. 408/441.

Visto o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 13/07/2020 asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario xunto co xefe dos Servizos xurídicos de Servizos Xerais da Concellería de Fomento, co conforme do 2º tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

“I.- ANTECEDENTES

1º.- O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o 30 de decembro de 2016 un convenio de colaboración para acometer a ampliación da estrada e Porto, identificada como EP-2001 Calvario-A Garrida, no tramo comprendido entre a edificación sinalada co número 77 da mesma e o regato de Quintián, na parroquia de Beade, e dotada de beirarrúas, así como de servizos urbanos soterrados, co fin de que a dita vía, no indicado tramo, dado o seu funcionamento como rúa urbana, adquira as características propias das mesmas e pase á titularidade municipal. A estrada pasou a titularidade municipal por Decreto 22/2017, de 16 de febreiro, da Presidencia da Xunta de Galicia.

2º.- A Asociación de Veciños de Beade, unha vez coñecida a sinatura do convenio arriba referido entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a ampliación da estrada de Porto no indicado tramo, ofreceu á Administración municipal a súa colaboración para xestionar cos veciños da parroquia, propietarios dos terreos afectados pola ampliación da vía, a obtención gratuíta destes terreos.

3º.- Froito das xestións da dita Asociación, os veciños que figuran relacionados no acordo da Xunta de Goberno Local, de día 19 de xullo de 2018, ofreceron ao Concello a cesión gratuíta dos seus terreos afectados pola ampliación do vial, coas condicións que no acordo se recollen e con data 31 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de “Humanización da estrada provincial EP-2001 Calvario A Garrida, tramo igrexa de Beade-A Garrida (PO 330), lugar de Porto” que se seguiu co núm. 3560/443 de expediente administrativo.

4º.- Tralos ditos acordo da Xunta de Goberno Local, iniciouse a á negociación e sinatura dos correspondentes convenios urbanísticos de cesión dos devanditos terreos cos propietarios afectados.



Concello de Vigo

5º.- A virtude dos convenios, o Concello de Vigo asume a responsabilidade de execución ao seu cargo de todas as obras que precise acometer no terreo que se cede; obras que inclúen, para a adecuada defensa da estrada, o acondicionamento necesario para o peche da parcela no fronte colindante coa nova rúa. As cesións teñen o carácter de anticipadas, polo que a superficie cedida xerará baixo a vixencia do planeamento xeral, de 29 de abril de 1993, e plans de desenvolvemento do mesmo, en cuxo ámbito se empraza a parcela en matriz, así como nos que os substitúan, os dereitos edificatorios que corresponderían á porción de terreo cedida, de acordo co planeamento e a norma urbanística de aplicación no momento da xestión ou execución do dito planeamento ou no momento da edificación. Finalmente, estipúlase que os gastos e tributos derivados da cesión, así como os da súa formalización e inscrición dos terreos cedidos serán por conta e cargo do Concello de Vigo.

6º.- No expediente consta, ademais do convenios asinados, cos planos nos que se reflicte a parcela matriz e a porción que se cede, informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos, xefe do Servizo de Vías e Obras, no que fai constar que as obras de contención e peche que se executan nos lindeiros coas parcelas matrices, das que se segregan as porcións que se ceden para a ampliación da estrada de Porto, resultan de necesaria realización xa pola adecuada execución, delimitación e defensa da estrada, xa por tratarse de peches existentes afectados pola cesión que se derriban para a ampliación da estrada e se volven a construír no linde desta.

Así as cousas, á vista deste informe e como queira que os convenios de referencia pactan unha cesión gratuíta a favor da Administración municipal, inexixible por esta no momento actual e para cuxa obtención habería de acudirse á expropiación, o Concello de Vigo non experimenta prexuízo algún como consecuencia dos mesmos.

7º.- Asinados os convenios que se relacionan na parte dispositiva da presente proposta de acordo iniciouse o trámite de información pública dos convenios asinados, polo prazo de un mes, mediante publicación no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do Concello e nun dos periódicos de maior difusión da provincia, tal e como establece o artigo 168.1 da Lei 2/2006, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). Sendo a data da última publicación (no DOGA) a do 6 de marzo de 2020, polo que o prazo de información pública remataba o 6 de abril de 2020.

Figura no expediente certificación do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 29 de xuño de 2020, na que fai constar que durante o devandito trámite de información pública dos convenios, por prazo dun mes, suspendido coa declaración do estado de alarma e reanudado con efectos do 1 de xuño de 2020, non se presentou ningunha alegación.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os terreos cuxa cesión gratuíta se ofrece ao Concello de Vigo son terreos afectos a unha dotación pública, que cabe cualificar de sistema xeral, toda vez que se trata dun tramo que forma parte dunha vía de titularidade provincial e, daquela, de uso xeral, que une os barrios de O Calvario e A Garrida e non esta destinada predominantemente para o uso dun polígono ou sector concreto.

Segundo.- O artigo 129.1 LSG, establece que: «1. Os terreos destinados polo planeamento

a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo».

Terceiro.- Segundo o artigo 167 LSG: «Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando a ordenación urbanística, se limiten á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar modificación, alteración ou dispensa do planeamento». Así, os convenios urbanísticos de cesión obxectos do presente informe teñen por obxecto obter os terreos necesarios para a execución da estrada de Porto coa anchura prevista no vixente PXOU de Vigo e no PEMN Quintián, polo que teñen a natureza de convenio para a execución do planeamento.

Cuarto.- En canto ao procedemento a seguir para a formalización e perfección dos convenios de execución do planeamento, dispón o artigo 168 LSG que: «1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes.

(...)

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou ás persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto».

Quinto.- Tal e como vai dito, os convenios de referencia pactan unha cesión gratuíta a favor da Administración municipal, inexixible por esta no momento actual e para cuxa obtención habería de acudirse á expropiación, e como queira que as obras de contención e peche que se executan nos lindeiros coas parcelas matrices, das que se segregan as porcións que se ceden para a ampliación da estrada de Porto, resultan de necesaria realización xa pola adecuada execución, delimitación e defensa da estrada, xa por tratarse de peches existentes afectados pola cesión que se derriban para a ampliación da estrada e se volven a construír no linde desta o Concello de Vigo non experimenta prexuízo algún como consecuencia dos mesmos, antes ao contrario obtén gratuitamente os terreos.

Sexto.- Toda vez que no período de información pública dos convenios non se formularon alegacións, considérase procedente a ratificación dos mesmos polo órgano competente que é a Xunta de Goberno Local (artigos 127.1.d. LRBRL y 3.6 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previa aprobación polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

Primeiro.- Ratificar os convenios urbanísticos de cesión que de seguido se relacionan:

Nº	REF. CATASTRAL	SUP. Cat.m2	SUP. Cesiónm2	PROPIETARIOS	N.I.F.
24 B	54057A17200502parci.	201	48	Abalde Abalde, Purificación	***8593**
20	54057A17200436	973	9	Abalde Bastos, Juana	***7935**
12	54057A17000302	418	6	Abalde Fernández, Carmen	***3381**
108	4802419NG2740S	40	17	Abalde Fernández, Carmen	***3381**
27	54057A17300131	782	109	Abalde Vila, Esperanza	***5397**
89 B	54057A17300224 parci.		222	Abalde Vila, Esperanza	***5397**
61A	54057A20000809			Alonso Comesaña, Fernando	***6169**
63 D	54057A19900009			Alonso Comesaña, Fernando	***6169**
6	54057A17000035	585	25	Alonso Correa, Fernando	***8982**
112 B	4802423NG2740S			Alonso Correa, Jose F	***8982**
17	54057A17200430	420	28	Alonso Costas, Fernando	***2593**
103	54057A17200484	316	97	Alonso Costas, José Luis	***7703**
104	54057A17200425	552	99	Alonso Costas, José Luis	***7703**
111	4802422NG2740S	684	68	Alonso Costas, José Luis	***7703**
61B	54057A20000809			Alonso Davila, Fernando	***5243**
63C	54057A19900009			Alonso Davila, Fernando	***5243**
63E	54057A19900009			Alonso Davila, Fernando	***5243**
13	54057A17000305	772	10	Alonso Fernández, Rubén Enrique	***2891**
107	4802418NG2740S	87	33	Alonso Fernández, Rubén Enrique	***2891**
48 B	54057A20000144			Alonso Perez, Ángela	***0015**
33	54057A17300142	132	101	Alonso Pérez, M ^a del Carmen	***8416**
57	54057A20000622	388	44	Baña Oujo, José Luis	***3842**
55	54057A20000620	410	4	Barros Alonso, Carmen	***3883**
68	54057A17300020	400	12	Barros Vila, José	***7940**
75	54057A17300036	185	43	Bastos Davila, Carmen	***4454**
35	54057A17300144	410	139	Bastos Davila, Margarita	***0759**
70	54057A17300022	644	69	Bastos Davila, Margarita	***0759**
5	54057A17000036	643	20	Benavides Comesaña, Inés	***3337**
112 C	4802423NG2740S	66	38	Benavides Comesaña, Inés	***3337**
84 A	54057A17300244 parci.	396	59	Benavides Vila, Margarita	***1732**

96 A	54057A17200452	487	70	Caldas Vázquez, Paz	***1582**
98	54057A17200450	356	57	Caldas Vázquez, Paz	***1582**
102	54057A17200429	303	134	Comesaña Abalde, Antonio	***9029**
78 G	54057A17300016		32,5	Comesaña Abalde, Francisco	***2221**
64 F	54057A19900003			Comesaña Riveiro, Oliva	***5762**
64 B	54057A19900003	18666	247	Comesaña Riveiro, Olivia	***5762**
58	54057A20000802			Correa Freiría, M ^a del Carmen	***8380**
69	54057A17300021			Correa Freiría, M ^a del Carmen	***8380**

Nº	REF. CATASTRAL	SUP. Cat.m2	SUP. Ce-siónm2	PROPIETARIOS	N.I.F.
73	54057A17300032	107	99	Correa Freiría, M ^a del Carmen	***8380**
95	54057A17200453	344	64	Correa Vila, M ^a del Carmen	***7630**
64 D	54057A19900003			Correa Vila, M ^a del Carmen	***7630**
117	4704209NG2740S	235	49	Correa Vila, Mercedes	***6123**
100	54057A17200438	707	12	Costas Alonso, Jesús	***4670**
82 A	54057A17300246	677	39	Costas Alonso, Jesús	***4670**
18	54057A17200433	779	12	Costas Alonso, José Antonio	***4003**
19	54057A17200437	192	25	Costas Alonso, José Antonio	***4003**
15	54057A17200423	339	1	Costas Correa, Jacinto	***5070**
82 B	54057A17300246	677	37,5	Costas Fernández, José Luis	***7491**
77	54057A17300039	372	71	Costas Figueroa, Olga	***4273**
89 A	54057A17300224 par-ci.		116	Costas Figueroa, Olga	***4273**
78 A	54057A17300016 par-cial	39055	32	Costas Freiría, Juan Carlos	***1052**
51	54057A20000597	537	18	Costas Otero, Ángel	***7681**
64 E	54057A19900003			Covelo Abalde, Amable	***9733**
83	54057A17300245	1089	84	Covelo Freiría, M ^a Gloria	***7866**
8	54057A17000168	474	20	Estévez Alonso, Carlos Javier	***6482**
86	54057A17300265	1331	207	Estévez Hermida, Francisco Miguel	***9602**
56	54057A20000621	258	43	Fernández Abalde, Pilar	***1266**
66	54057A17300018	661	89	Fernández Abalde, Pilar	***1266**
9	54057A17000169	480	14	Fernández Alonso, Josefa	***7853**
10	54057A17000170	522	6	Fernández Alonso, Josefa	***7853**
11	54057A17000301	365	4	Fernández Alonso, Josefa	***7853**



Concello de Vigo

109	4802420NG2740S	23	12	Fernández Alonso, Josefa	***7853**
110	4802421NG2740S	47	33	Fernández Alonso, Josefa	***7853**
99A	54057A17200439			Fernández Rodríguez, Manuel	***8960**
24 A	54057A17200502 par-ci.	201	63	Fernández Rodríguez, Margarita	***8357**
78D	54057A17300016	39055	128	Fernández Rodríguez, Margarita	***8357**
78H	54057A17300016			Fernández Rodríguez, Margarita	***8357**
32	54057A17300141	1004	66	Fernández Vila, Dina	***9629**
74	54057A17300035	196	96	Figueroa Comesaña, Belarmina	***3211**
67	54057A17300019	1474	105	Figueroa Davila, Fernando	***3522**
29	54057A17300137	1110	79	Figueroa Piñeiro, M ^a Luisa	***7052**
45	54057A20000140	666	58	Figueroa Piñeiro, M ^a Luisa	***3522**
46	54057A20001051	638	254	Figueroa Piñeiro, M ^a Luisa	***3522**
85	54057A17300243	534	85,5	Figueroa Piñeiro, M ^a Luisa	***3522**
90	54057A17300118		108,5	Figueroa Piñeiro, M ^a Luisa	***3522**
76	54057A17300038	314	72	Figueroa Salgueiro, Soledad	***4416**
118	4704201NG2740S	425	40	García Varela, José	***1730**
26 A	54057A17300119 par-ci.	310	37	Gómez Correa, Antonio	***6760**
92B	54057A17300093 parcial y otras		74	Gómez Correa, Antonio	***6760**
4	54057A17000027	294	294 (83)	González Barros, Eduardo	***2065**
2	54057A17000025	254	32	González Piñeiro, Hipólito	***1538**
22	54057A17200490	470	3	González Piñeiro, Hipólito	***1538**
53	54057A20000616	277	23	Guiadanes Abalde, Guillermo	***8162**
64 C	54057A19900003			Lago Vila, Dolores	***6341**
113 A	4802424NG2740S	805	226	Leiros Vila, Elena	***9137**
80	54057A17300041	616	8	Leiros Vila, Isaura	***7815**
81	54057A17300248	828	160	Leiros Vila, Isaura	***7815**
62	54057A19900010	483	68	Martínez Costas, Gonzalo	***0423**
61E	54057A20000809			Martínez Costas, Gonzalo	***0423**
97	54057A17200451	482	60	Pequeño Vila, Nazario Ignacio	***8336**
61D	54057A20000809			Pérez Davila, Guillermo	***5672**
63 A	54057A19900009	1149	138	Pérez Davila, Guillermo	***5672**
84 B	54057A17300244	396		Pérez Vila, M ^a del Rosario	***3028**
7	54057A17000034	806	25	Posada Fernández, José	***4723**
47	54057A20000143	595	19	Posada Troncoso, José	***9034**

48 A	54057A20000144	634	42	Posada Troncoso, José	***9034**
72	54057A17300031	396	100	Prado Salgueiro, M ^a Jesús	***2451**
61C	54057A20000809			Rodríguez Abalde, Amelia	***7819**
63 B	54057A19900009			Rodríguez Abalde, Amelia	***7819**
114	4703302NG2740S	523	52	Rodríguez Alonso, Emilia	***3418**
99B	54057A17200439	959	48	Rodríguez Costas, Julio Manuel	***8656**
60	54057A20000805	656	96	Rodríguez Davila, Fernando	***5028**
59	54057A20000804	66	21	Rodríguez Fernández, Eulalia	***7469**
64A	54057A19900003			Rodríguez Fernández, Eulalia / Vila Rodríguez, Purificación y M ^a del Rosario	***7469** / ***3419** / ***3763**
78 C	54057A17300016			Rodríguez Posada, María	***6349**
78 B	54057A17300016			Rodríguez Soalleiro, M ^a José	***0858**
71	54057A17300030	344	101	Salgueiro Pérez, Carmen	***8134**
14	54057A17200422	375	3	Seijo Abaldo, José Benito	***4980**
49	54057A20000583	701	45	Vila Rodríguez, Purificación	***3419**
50	54057A20000584	2340	60	Vila Rodríguez, Purificación	***3419**
54	54057A20000617	204	10	Vila Rodríguez, Mercedes y Am- paro / Vila Lamas, Francisco Ja- vier y M ^a de la Paz	***7120** / ***5007** / ***0177** / ***5532**
31	54057A17300140	378	12	Vila Santomé, Enrique	***8117**
40	54057A17300249	327	103	Villar Estévez, Emilia	***3665**
43	54057A17300252	406	23,5	Villar Estévez, Emilia	***3665**

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Terceiro.- Continúese coa tramitación dos expedientes.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez